



Título: *Naciones Unidas*
Subtítulo: *Textos Fundamentais*
Coordinador: Xulio Ríos
Editorial: Ediciones Xerais de Galicia, Vigo, 1995
Colección: Materiais
Núm. pp.: 80
Tamaño: 16,5 x 24 cm

O ano 1995 foi para a política internacional, o dereito internacional, e para todos aqueles foros de discusión que teñen como principal eixo de pensamento as relacións entre nacións, un ano de recordo, de proxección e, en suma, de celebración. Commemorábase en outubro o 50 Aniversario do nacemento da Organización das Nacións Unidas, a ONU, unha celebración marcada pola traxedia que representou a guerra da ex-Xugoslavia e que acendeu de novo os vellos debates en torno ó papel da Organización na solución de conflictos, a súa capacidade operativa e a súa dubidosa eficacia diplomática.

Volta-la vista atrás para facer unha lembranza do percorrido histórico da ONU nestes 50 anos, é cruzar un campo de críticas, de controversias e confrontamentos, é desenterra-lo fantasma das acusacións de parcialidade, de etnocentrismo (non nos seus principios fundamentais, que se presumían universais, senón nas súas liñas de actuación e

nas súas decisións puntuais), do dirixismo duns poucos Estados afeitos a exercé-lo clientelismo político, da burocracia pechada en sí mesma que devoraba os recursos económicos da Organización, e da súa incapacidade para illarse da política de bloques que supuxo unha aloucada carreira cara a ningures.

Pódese dicir, pois, que agás boas intencións, a propia xénese da ONU estivo cargada deinxuidade política, inocencia en boa parte explicada pola urxencia na busca de saídas ante graves acontecementos, como foi a II Guerra Mundial. Pretender converterse nun instrumento activo (outra cousa ben distinta sería interpretarse como "marco moral") de mantenemento da paz e da seguridade, da resolución dos conflictos económicos, sociais, culturais e humanitarios nun marco mundial, sen supoñer unha delegación voluntaria de soberanía por parte dos Estados asinantes, é caer, en certo modo, na imaxe máis burda do que o filósofo alemán Jürgen

Habermas definíu co nome de "Teoría da Acción Comunicativa", un foro de discusión onde sempre é posible chegar arredor dunha mesa ó consenso mediante a imposición da razón, e onde o disenso quedaría deste xeito excluído.

Desgraciadamente, a historia está chea de exemplos que mostran que o disenso non sempre se supera, que a intransixencia tamén é unha postura lexítima en política, e que a razón cada un cre tela da súa parte.

O presente libro goza, entón, de principio, do senso de oportunidade histórica. A selección de textos fundamentais da Organización das Nacións Unidas traducidos agora ó galego, encádrase na Colección "Materiais" de Edicións Xerais, exercendo de compilador Xulio Ríos, director do IGADI. A presentación corre a cargo de Mario Zamorano, director da Oficina de Información das Nacións Unidas en España, que saúda a iniciativa da edición en galego dos textos, e recorda os compromisos fundacionais da devandita Organización coa paz, a seguridade, o desenvolvemento e a democracia, con motivo da conmemoración.

O limiar, pola súa banda, límitase a facer unha breve exposición de motivos e a suxerir unha reflexión sobre o papel no pasado, presente e futuro, da organización internacional.

A introducción, de Xulio Ríos, compónse dun breve resumo dos comezos da ONU (dende os diversos encontros e conferencias previos ata a súa constitución oficial o 24 de outubro de

1945), dun esquemático relato da súa estructura e principais órganos, para rematar facendo unha reflexión sobre os factores que limitaron a súa operatividade e unha suixerencia sobre a necesaria reforma estructural que a adapte ós novos tempos, ó novo marco mundial, trala desaparición da situación de confrontación entre bloques, e á actual fase de interrelación (económica, comunicativa, política, etc) mundial.

Os documentos recollidos son seis. O primeiro deles é a "Carta das Nacións Unidas", a acta fundacional da Organización redactada en San Francisco en xuño de 1945 e ratificada en outubro dese mesmo ano por 50 Estados (hoxe componse de 185 Estados). Nela detállase o decálogo de principios e propósitos, os requisitos que deben cumplir para facerse membros, os seus órganos e os procedementos, funcións e poderes de cada un deles, finalizando coas liñas de actuación ante determinadas situacions conflictuosas entre Estados membros, as condicións da cooperación internacional nos distintos eidos, os acordos rexionais e de seguridade, as funcións da Secretaría Xeral e os requisitos para a ratificación, a sinatura e a revisión da Carta.

O segundo texto que forma parte da compilación é o "Estatuto da Corte Internacional de Xustiza", no que se detallan as pautas da súa organización, as súas competencias, as condicións de procedemento, e a súa capacidade para emitir opinións consultivas no ámbito xurídico, sempre que o solicite calquera organismo autorizado pola Carta das Nacións Unidas.

O terceiro texto, a “Declaración sobre os Principios de Dereito Internacional referentes ás Relacións de Amizade e á Cooperación entre os Estados de conformidade coa Carta das Nacións Unidas”, do ano setenta, fai referencia explícita ós mecanismos ideados para o mantenemento da paz e a seguridade internacionais, así como ó establecemento de liñas de acción que promovan as relacións amigables entre os pobos. Para isto establecéncense os principios de non-ameaza ou non-agresión a outros Estados, así como o de non-inxerencia nos asuntos propios dos Estados asinantes e o compromiso de abstención no uso da forza para a solución de situacións conflictuosas, de xeito que se puidera poñer en perigo a paz, a seguridade e a xustiza.

Tampouco podía faltar nesta compilación a “Declaración Universal dos Dereitos das Persoas”, do ano 48, considerada como o marco fundamental para o desenvolvemento da liberdade, a xustiza e a paz no mundo, do respecto e “o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de tódolos membros da familia humana”.

O quinto texto pertencente a esta compilación, é o referido ó “Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos”, do ano 1966, e que ven completa-lo anterior, xa que se considera como condición necesaria para que se cumpran aqueles dereitos económicos, sociais e culturais (base da realización do ideal do home libre), que todo individuo poida ter garantidas as súas liberdades civís e políticas.

Finalmente, recóllese o “Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais”, de decembro de 1966, onde se insta ós Estados a establecer las condicións e a promover tódalas liñas de actuación encamiñadas a que impere o respecto universal dos dereitos e liberdades humanas, e que ese respecto sexa realmente efectivo.

O libro inclúe, tamén, unha “Proposta para a reforma das Nacións Unidas”, un informe do Centro de Investigación para la Paz, de Madrid, e do Seminario de Investigación para la Paz, de Zaragoza, elaborado por Vicenç Fisas e Alberto Piris. Os autores da proposta establecen unha orde de prioridade de reforma que pasa por tres condicións básicas: unha democratización auténtica da Organización; a necesaria adquisición por parte da ONU dunha lexitimidade e forza moral da que ata o momento careceu; e, por último, sobre a base das dúas condicións anteriores, poderá pensar en ter “medios de coacción armada” que fagan posible que as súas resolucións se cumpran.

Trátase, en liñas xerais, de procurar o predominio e liderato da ONU na seguridade, na xustiza, nas políticas de desenvolvemento social, cultural, económico, etcétera, e en todas aquelas dimensións que afecten as relacións entre Estados a nivel mundial. Para conseguir todo isto, as reformas necesarias afectarían tanto o orzamento e os niveis das cotas que cada Estado debería aportar, como as transferencias de soberanía en favor da Organización. Igualmente, faise especial incidencia na laboura pre-

ventiva para a resolución de conflictos, en detrimento da coacción, e, en último termo, deféndese unha política de desarmamento global que deixe o monopolio da forza armada mundial á ONU, sempre encamiñada á pacificación e a un desenvolvemento (social, económico, tecnolóxico, cultural...) máis xusto e equilibrado dos pobos, unha proposta, por certo, non exenta de controversia. Por todo isto, propónse unha revisión do principio de non-inxerencia nos asuntos propios de cada Estado, sempre e cando se produza unha violación dos dereitos e liberdades humanos, ou cando se apliquen políticas que contraveñan os principios fundamentais rectores da Organización, coa salvidade de que o único órgano con autoridade para intervir sería a ONU, e non calquera Estado por propia iniciativa.

O libro remata cun listado dos 185 países membros e as súas respectivas datas de incorporación á Organización, e co almanaque internacional, no que se detallan os días adicados ó recorde de diferentes problemas que están presentes e afectan ás nosas sociedades.

Podemos concluír, en fin, destacando a oportunidade na compilación destes textos fundamentais da ONU e a súa traducción agora ó galego, nun momento en que ésta é protagonista diaria nos diversos medios de comunicación de masas debido á súa actuación naqueles escenarios do mundo onde estala o conflito, acercándonos ó seu espírito, ó seu selo de identidade e á súa declaración de intencións, nun intre histórico no que as distintas sensibilidades sociais se unen na busca dun ideal de paz, de convivencia e solidariedade entre os pobos, na base do respecto ós más elementais dereitos das persoas e na defensa das inalienables liberdades individuais e colectivas. Que estes ideais, inspiradores do ideario da Organización das Nacións Unidas poidamos lelos na nosa língua só é motivo de parabéns, e fai que non nos sintamos tan alleos ó seu desenvolvemento e, no seu caso, á necesaria reforma que tamén deberá emprender co gallo da súa descentralización administrativa e política cara ós distintos e dispersos movementos sociais e pobos, cos cales deberá contar se de verdade se sente como abandeirada da democratización mundial.

Alfredo B. Castro Duarte